



**PLAN
DE
CONVIVENCIA**

INDICE

- 1. Análise da situación**
- 2. Obxectivos específicos do plan de convivencia**
- 3. Descrición das medidas e programas que se van desenvolver**
- 4. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.**
- 5. Concreción das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedimentos que se van seguir**
- 6. Normas de convivencia do centro: dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa.**
- 7. Condutas contrarias á convivencia e correccións.**
- 8. Comisión de convivencia: normas específicas para o seu funcionamento.**
- 9. Mecanismos de coordinación e colaboración interna do centro.**
- 10. Estratexias para a difusión do plan de convivencia.**
- 11. Seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.**

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN

O IES de Quiroga caracterízase por ser un centro pouco conflictivo, aínda que isto non significa que non haxa problemas puntuais de convivencia que son necesarios tratar e solucionar para que a convivencia sexa a idónea para todos os membros da comunidade educativa.

Os problemas maioritarios da convivencia fan referencia a comportamentos inapropiados na aula, relacionados coa falta de traballo por parte do alumnado: non traer o material necesario para o desenvolvemento da actividade educativa, falar nas clases, non prestar atención ás indicacións do profesorado.... Estas actitudes resólvense principalmente co diálogo ou con algunha corrección de carácter menor (traballo extra a realizar na hora de lecer, por exemplo). Outros comportamento, en principio, máis graves como faltas de respecto a profesorado ou compañeiros/as, agresións, fumar nas dependencias do centro... son máis ocasionais.

As familias están integradas na vida do centro a través da súa participación no Consello Escolar e na ANPA. Existen varias reunións periódicas das nais e pais coas titoras e titores:

- ✓ Reunión de acollida e información para as familias das alumnas e alumnos que se incorporan a 1º de ESO.
- ✓ Reunións coas titoras e titores de forma individual ou colectiva. O profesorado dispón no seu horario dunha hora semanal para atención ás familias.
- ✓ Reunións coa xefatura de estudos, en casos de absentismo escolar, ou cando o soliciten as titoras ou titores ou expresamente o desexen as familias.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- ✓ Por a disposición da comunidade educativa un conxunto de normas e recursos para mellorar a convivencia no centro.
- ✓ Favorecer a tolerancia como actitude para a vida, resolvendo mediante o diálogo os problemas que aparezan no entorno escolar.

- ✓ Xestionar a convivencia global do centro, para conseguir a integración de todos e todas.
- ✓ Fomentar a implicación das familias na vida do centro.
- ✓ Buscar solución aos conflitos a través do diálogo.
- ✓ Mellorar as relacións entre os membros da comunidade educativa implicándoos en todas as actividades encamiadas a facilitar a convivencia do centro.
- ✓ Converter en todos os membros da comunidade educativa en axentes activos de prevención e resolución de conflitos.
- ✓ Colaborar coa ANPA do centro para organizar actividades dirixidas á formación das familias.
- ✓ Fomentar a acción titorial como instrumento para desenvolver a convivencia.
- ✓ Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado desenvolvendo acción que favorezan a adaptación das novas alumnas e alumnos, profesoras e profesores, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.

3. DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS E PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER

Actividades	Procedementos	Responsables	Temporalización
Difusión entre o profesorado da normativa en vigor máis inmediata, facendo especial no NOF	Na páxina web do IEs estará o NOF do centro e o resto de documentos do mesmo.	Responsable das TIC	Primeiro claustro do curso.
Difusión entre o alumnado dos dereitos e deberes que lles son propios e elección de delegados/as de curso.	As titoras e titores usarán as primeiras titorías para comentar os dereitos e deberes do alumnado, así como para a elección de delegada/o do curso. Así mesmo tamén se comentarán as súas funcións. Farase constar en acta a elección de delegada ou delegado de grupo e entregarase na	Titoras e titores	Primeiro mes de curso.

	Xefatura de Estudos.		
Potenciación da xunta de delegados/as	Propoñer temas para debater nas reunións e facilitarles información puntualmente.	Xefatura de Estudos	Todo o curso.
Utilización da aula de actividades.	Implicar ao alumnado na xestión e conservación da aula.	Profesorado	Todo o curso
Concienciación do alumnado para que participe activamente no Consello Escolar e noutros órganos do centro.	Desde o comezo de curso, estimularase ao alumnado a que participen coas súas opinións e suxestións en cada Consello Escolar convocado. Cada ano que haxa eleccións ao Consello Escolar, farase unha campaña de fomento da participación activa, como candidatos ou votantes.	Equipo directivo D. Orientación Titores/as	Todo o curso
Axilización na xestión das faltas de asistencia do alumnado.	O profesorado introducirá directamente as faltas de asistencia no Xade	Profesorado	Todo o curso
Dar a coñecer eo NOF e Plan de convivencia ás familias.	Envío dun boletín informativo ás familias. Reunións cos pais/nais ao inicio do curso académico.	Equipo directivo. D. Orientación Titores/as	Primeiro mes de curso.
Informar ás familias sobre a marcha da convivencia no centro e recoller as súas suxestións.	Contacto coa ANPA	Dirección	Todo o curso
Fomentar a	Organizar	Vicedirección	Todo o curso

participación do alumnado nas actividades extraescolares	actividades extraescolares polas tardes.	Profesorado	
Acción titorial	Utilizar as titorías para fomentar a convivencia e solucionar mediante o diálogo os posibles conflitos.	Titores/as	Todo o curso
Facer operativo a comisión de convivencia	Elaboración de normas para intentar resolver os problemas concretos que se presenten no centro.	Comisión de convivencia	Todo o curso
Colaboración con outros centros de ensino da comarca.	Farase unha xornada de portas abertas para que o alumnado de 6º de Primaria e as súas familias visiten as dependencias e coñezan o funcionamento do instituto.	Dirección D. Orientación	Maio ou xuño
Plan de acollida ao alumnado con especial atención ao alumnado de nova incorporación.	Nas aulas, os respectivos titores/as informarán ao alumnado das normas de convivencia do centro. Escollerase delegado/a de clase e comentarase as súas funcións. Comprobarase as materias nas que están matriculados cada alumna/o e anotaranse as incidencias. Igualmente farase coas alumnas e alumnos que	Titoras/es D. Orientación Equipo directivo	Primeiro mes de curso.

	<p>requiren comedor e transporte escolar.</p> <p>As titoras e titores do alumnado de nova incorporación explicaranlle a situación de todas as dependencias do instituto.</p>		

4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

4.1. Situación actual respecto ao acoso

No noso centro realízanse periódicamente actividades de sensibilización do profesorado, familias e alumnado contra o acoso escolar, co fin de axudar a previlo e preparar a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a él.

Dentro do Plan de acción tutorial contéplase a sensibilización ante os temas de acoso, ciberacoso ou bullying, con accións a través dos titores, departamento de orientación ou especialistas externos como a Garda Civil (Plan Director de convivencia e mellora dos centros educativos), etc.

As posibles vítimas de acoso contan con numerosas canles para facilitar a exteriorización da situación de acoso escolar, protexendo a súa intimidade e garantindo unha intervención consensuada e coordinada coa familia, e implicando ao titor ou titora, departamento de orientación, equipo directivo e comisión de convivencia .

Ante a detección dunha situación de acoso escolar e para darlle fin, sen perxuízo das correccións disciplinarias que correspondan, o noso centro leva a cabo unha actuación rápida e decidida por parte do equipo directivo, que ten os seguintes puntos fortes:

- Prohibición terminante de acercarse á presunta vítima por parte do presunto agresor.
- Comunicación clara de que á mínima reincidencia levará consigo a expulsión do Centro ou a posible denuncia perante as autoridades competentes. Protección total para a presunta vítima.
- Reunión do director e da xefa de estudos co grupo ou grupos de alumnado relacionados.
- Información inmediata ás familias dos interesados esixindo a súa colaboración.

- Posta en coñecemento ao Departamento de Orientación por se se precisasen medidas de apoio persoal cos alumnos implicados, e en especial proporcionar atención á vítima.

Todas estas actuacións realízanse inmediatamente, unha vez coñecidas as sospeitas.

4.2. Protocolo oficial de actuación

O centro utilizará un **protocolo oficial de actuación** ante os posibles casos de acoso que permite abordar de forma sistemática a detección e resolución do problema, seguindo o **Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de novembro de 2015**, no que se establecen **catro fases diferentes** para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, e se facilitan **dezaseis anexos** para cumprimentalas:

- *Primeira fase:* coñecemento da situación, identificación e comunicación
- *Segunda fase:* recollida de información e rexistro
- *Terceira fase:* Análise da información e adopción de medidas
- *Cuarta fase:* seguimento e avaliación das medidas adoptadas

A dirección do centro dirixirá todas as actuacións derivadas do presente protocolo; toda a información que figure nos documentos empregados e se recolla nas diferentes fases do protocolo terá carácter confidencial.

De apreciarse indicios de delito ou falta penal en calquera momento do proceso, notificarase ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores (con traslado á administración educativa) para a súa valoración. No caso de iniciarse un proceso penal, o centro suspenderá as actuacións en tanto este non se resolva.

4.3. Estratexias organizativas de prevención

A prevención debe ser asumida de xeito amplo pola comunidade educativa no marco xeral da convivencia no centro, e de forma específica intervindo directamente co alumnado e coas familias implicadas. Levarase a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes e polo equipo directivo e co apoio do departamento de orientación, e transmitirse a todos os sectores da comunidade educativa.

4.3.1 Estratexias organizativas e de prevención do centro

As principais estratexias organizativas e de prevención que consideramos no noso centro son:

- Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.

- Solicitar o apoio e o asesoramento da orientadora ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do Plan de convivencia e das normas, e garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial as competencias sociais e cívicas.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións ou un posible correo electrónico de solicitude de axuda.
- Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas.
- Mellorar as zonas de ocio e organizar xogos.
- Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa orientados á construción dunha convivencia positiva.
- Formación do alumnado en técnicas de resolución pacífica de conflitos.
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de prever e actuar ante situacións de ciberacoso.
- Formación do profesorado alumnado e familias na sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC.
- Posta en marcha dun tempo de formación no propio centro creando un espazo onde a propia comisión de convivencia do centro poida deseñar este tipo de estratexias.

4.3.2 Estratexias de prevención na aula.

Dentro do do Plan de Acción Titorial pódense potenciar numerosas estratexias de prevención a nivel de cada grupo-clase:

- Elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras,

nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento de todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.

- Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a relacións no grupo, fomento da amizade, sensibilización fronte ao maltrator, respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos e compañeiros.
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autocoñecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos.
- Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
- Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación.
- Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- Manter a través da acción tutorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.

4. CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN SEGUIR

A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación de aquelas medidas que vaian encaminadas a fomentar o respecto ás diferencias, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Para levar acabo as medidas e actividades previstas neste plan cóntase coas actuacións do profesorado-tutor e do conxunto do profesorado, departamento de orientación e equipo directivo.

Os principais destinatarios destas medidas son o noso alumnado e as súas familias, pero tamén o resto da comunidade educativa. Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolare participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

O **consello escolar** elixirá aos representantes da comisión de convivencia, establecerá as directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro e anualmente encargarse do seguimento e da avaliación dos mesmos. Poderá propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa.

As normas específicas de funcionamento da **comisión de convivencia** quedan reflexadas no punto 8 deste plan.

O **claustr** do profesorado realizará propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro, participará na súa avaliación anual e propondrá actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

O **equipo directivo** do centro elaborará o plan de convivencia e realizará as actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión do mesmo; impulsará as actividades previstas e velará pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

A **xefatura de estudos** de forma específica coordinará e dirixirá as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro, velando polo desenvolvemento das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos distintos plans do centro. Promoverá o exercicio da mediación no centro e organizará a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase.

Os **órganos de coordinación docente**, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

Estas medidas e acordos serán recollidos pola **comisión de coordinación pedagóxica** e polo resto dos órganos de coordinación docente para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO: DEREITOS E DEBEREES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

As **normas de convivencia** terán como obxectivo fundamental desenvolver unas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima adecuado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

As normas de convivencia serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa, quedando recollidas no plan de convivencia; o equipo directivo, o claustr e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das mesmas.

O Centro funciona fundamentalmente coas normas de convivencia que se

estableceron NOF (Normas de organización e funcionamento), coñecidas e asumidas por toda a comunidade educativa.

Dereitos e deberes

Do alumnado_

Dereitos:

O alumnado, ademais de todos os recollidos na lexislación vixente (Lei Orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación modificada pola Lei Orgánica 2/2006 de Educación, na súa disposición derradeira primeira. Real Decreto 732/1995 de dereitos e deberes dos alumnos), terá os seguintes dereitos e deberes:

- ✓ Formular diante do profesorado, da titora ou titor e do equipo directivo cantas iniciativas e reclamacións estimen oportunas. O alumnado pode exercer este dereito a través das súas delegadas/os ou titoras/es, procedendo coa seguinte orde: profesora ou profesor da materia, titora ou titor, xefatura de estudos, dirección.
- ✓ Coa finalidade de garantir o dereito á avaliación con criterios obxectivos o alumnado ten dereito a coñecer desde principio de curso os obxectivos, os contidos mínimos e os criterios de avaliación de cada materia. 3.1.1.3. Coñecer pública e previamente os criterios de valoración de cada unha das probas que realiza.
- ✓ Revisar os seus exames, unha vez cualificados, sempre que sexa posible antes de cada avaliación.
- ✓ Participar nas actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro, agás se está sancionado coa perda deste dereito.
- ✓ Reunirse e asociarse, recibindo toda clase de facilidades, sempre e cando non alteren o normal funcionamento das clases.
- ✓ Exercer a liberdade de expresión, non sendo ofensivos e mantendo o respecto aos demais membros da comunidade educativa.

Deberes:

- ✓ Respetar as normas de funcionamento e de convivencia do centro.
- ✓ Asistir puntualmente ás clases co material pertinente para cada materia, participar en todas as actividades de clase, estudar e procurar o máximo rendemento persoal, non interferindo negativamente no rendemento do grupo ou perturbando o traballo normal da clase.
- ✓ Acudir a clase cando non participe nalgunha viaxe organizada polo instituto como actividade complementaria.
- ✓ Manter sempre un comportamento correcto na aula e en todas as dependencias do centro, incluíndo transporte e actividades fóra do mesmo.

- ✓ Nos cambios de clase, terá a mesma corrección que durante a clase.
- ✓ Esperar na súa aula as instrucións do profesorado de garda, en caso de que falte a profesora ou profesor.
- ✓ Respectar a todos os membros da comunidade educativa, evitando calquera actitude violenta ou coactiva.
- ✓ Devolver debidamente asinado pola nai, pai ou titor(a os boletíns de cualificación e documentos que se envíen desde o centro, no prazo razoable que determine a titora ou titor do grupo ou a dirección.
- ✓ Xustificar documentalmente as faltas de asistencia a clase, segundo as normas establecidas no NOF.
- ✓ Respectar o material e instalación e usalos correctamente, tanto no centro como nos lugares que visiten en actividades extraescolares.
- ✓ Manter limpas as aulas, as demais dependencias do centro e o seu entorno.
- ✓ Non comer nin beber nas aulas, nos talleres, nos laboratorios, no ximnasio, no salón de actos e na biblioteca.

Do profesorado

Dereitos:

O profesorado, ademais de todos os recollidos na lexislación vixente, terá os seguintes dereitos:

- ✓ Utilizar o material e as instalacións do centro, tendo prioridade, á hora de dispor destas, as actividades docentes sobre as complementarias ou extraescolares. O equipo directivo elaborará, no caso de posibles interferencias, unhas normas para o seu correcto uso.
- ✓ A que o centro, dentro das posibilidades reais, lle aporte os medios suficientes para desenvolver o seu labor educativo.
- ✓ Organizar, colaborar e realizar actividades extraescolares e complementarias (culturais, deportivas,...), sempre de forma voluntaria e dentro das súas posibilidades.
- ✓ Motivar e fomentar a asistencia do alumnado ás actividades extraescolares e complementarias.
- ✓ Formular ante os membros da comunidade escolar cantas iniciativas, suxestións e reclamacións estime oportunas, mantendo o respecto os demais membros da comunidade educativa.
- ✓ Participar en actividades e cursos organizados no centro, seguindo os requisitos que establece a lexislación vixente.
- ✓ Dar a súa explicación e ser oído en caso de conflito con outros membros da comunidade educativa.

Deberes:

- ✓ Cumprir as normas de funcionamento e de convivencia do centro establecidas no NOF.

- ✓ Colaborar na mellora da convivencia do instituto.
- ✓ Asistir coa máxima puntualidade posible ás clases, gardas e os actos e reunión regulamentarias ás que fose convocado.
- ✓ Asusmir as titorías do alumnado, para dirixir a súa aprendizaxe e axudalos a superar as dificultades que atopen.
- ✓ Mostrar ao alumnado as probas realizadas por estes unha vez corrixidas e cualificadas, nun prazo razoable e, sempre que sexa posible, antes de cada avaliación.
- ✓ Recibir individualmente ao alumnado, nai, pai ou titores legais dos mesmos que o soliciten, previo acordo na hora.
- ✓ Escoitar ao alumnado nas súas observacións e suxestións.
- ✓ Comunicar pública e previamente ao seu alumnado os criterios de valoración de cada unha das probas que realice en todos os seus apartados.
- ✓ Respetar as normas relativas a sancións e correccións establecidas para as faltas do alumnado en contra da convivencia no centro. En ningún caso aplicarán outras que contradigan as establecidas na lexislación vixente e no NOF.
- ✓ Controlar diariamente as faltas de asistencia do alumnado a cada unha das súas clases.
- ✓ Procurar que ao impartir as súas clases, o alumnado ao seu cargo non dificulte o traballo do resto do profesorado, en concreto non permitirá que ninguén abandone a aula antes de que soe o timbre, agás causa xustificada.

Das nais e pais ou titores e titoras

Dereitos:

- ✓ A participar na xestión do centro e na tarefa educativa a través dos seus representantes no centro escolar, das súas asociación e mediante a súa relación cos titores/as.
- ✓ A coñecer, ao comezo de curso, mediante unha reunión (como mínimo), colectiva de cada curso coa titora/or da súa filla/o, plan titorial, horario, profesorado, horas de visita, data das sesión de avaliación e un extracto dos obxectivos xerais que o instituto ten para ese curso.
- ✓ A ser informados periódicamente sobre a marcha académica dos seus fillos, como sobre a súa actitude, comportamento, grao de integración, puntualidade...
- ✓ A ser puntualmente informados/as de todos os asuntos que atinxen ao centro e sexan do seu interese.
- ✓ A recibir periódicamente comunicación das faltas de asistencia das súas fillas/os.
- ✓ A recibir, como mínimo despois de cada avaliación, información por escrito das cualificacións dos seus fillos/as.

- ✓ A proponer e colaborar nas actividades extraescolares e complementarias que se organicen no centro.
- ✓ Utilizar as instalación do centro nas condicións que se recollen no NOF.
- ✓ A Asociación da ANPA contará con local no centro para reunión.

Deberes:

- ✓ A ANPA deberá facilitarle á dirección unha copia dos seus estatutos.
- ✓ Deberán facilitar información sobre os seus fillos/as, que será confidencial, relativa a problemas físicos, psíquicos, ou outros que puidera ter.
- ✓ Comunicar as faltas de asistencia imprevistas das súas fillas/os, e xustificalas documentalmente á maior brevidade.
- ✓ Acudir ao centro cando sexan requeridos por asuntos que afecten individual ou colectivamente ás súas fillas/os.
- ✓ Proporcionar a súa filla/o o material imprescindible par o desenrolo do traballo escolar e, no caso de imposibilidade, comunicarlo ao titor/a. Cando alguna nai, pai ou titor teña alguna discrepancia relacionada coa educación da súa filla ou fillo no centro, tratará de resolvelo co profesorado implicado; se non se chega a unha solución, recorrerán á dirección. Se tampouco ésta resolve de maneira convincente, en última instancia poden recorrer ao delegado provincial.

Do persoal de administración e servizos

Persoal de conserxería

- ✓ Terá a súa disposición os horarios do profesorado e dos grupos, para facilitar información e localizar ao profesorado ou ao alumnado, nun momento dado.
- ✓ Deberá estar informado pola xefatura de estudos do alumnado que en cada momento estea privado do dereito de asistencia ás clases.
- ✓ Controlará a entrada e saída do alumnado do centro, coidando de que contén coa debida autorización se saen durante o horario lectivo.
- ✓ Controlará a entrada de persoas alleas ao centro, recibirá as súas peticións e indicarlles a onde se deben dirixir.
- ✓ Entregará e recollerá ao profesorado e alumnado todo tipo de impresos e correspondencia que estean a súa disposición.
- ✓ Custodiará as chaves das aulas e dependencias do centro.
- ✓ Comprobará ao final da xornada escolar, que queden todas as portas, ventás e persianas correctamente pechadas e as luces apagadas.
- ✓ Atenderá ao servizo de reprografía, facendo o cobramento correspondente.
- ✓ Realizarán calquera outra función que lles corresponda relacionada co servizo.

Persoal de administración

- ✓ É o persoal autorizado pola dirección para poñer o selo nos documentos oficiais.
- ✓ Deberán dar publicidade dos prazos de matrícula e que ésta se faga cumprindo todos os requisitos necesarios.
- ✓ Manterán actualizados os arquivos coa debida información que lle corresponde.
- ✓ Organizarán con antelación os documentos necesarios para as distintas avaliacións.
- ✓ Realizarán calquera outra función que lles corresponda relacionada co servizo.

Persoal de limpeza

- ✓ Deberán manter en bo estado de limpeza todas as dependencias e o seu mobiliario, comunicarle á dirección todas as incidencias detectadas no seu traballo, as necesidades materiais e calquera outra observación.
- ✓ Comprobarán, ao remate da súa labor, que queden todas as portas, ventas e persianas correctamente pechadas e as luces apagadas.

6. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS.

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas leves contrarias á convivencia e condutas gravemente perxudiciais para a convivencia, de acordo co establecido nesta sección.

Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarlo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

6.1. Condutas leves contrarias á convivencia no centro

- Os incumprimentos do establecido no NOF que causen alteracións indesexables e inxustificadas no funcionamento do IES, cando éstas non alcancen a consideración de gravidade.
- tratamento pouco respetuoso, que non teña o carácter de humillante ou seriamente discriminatorio a outras persoas da comunidade, xa sexa nas súas crenzas, os seus familiares, os seus sentimentos ou en calquera dos aspectos que a constitúen.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares cando non constitúa conduta gravemente perxudicial para a convivencia.

- A agresión física ou moral, que con carácter leve se produza contra calquera outra persoa do IES. Neste caso, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, se ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
- Os danos leves, causados pola negligencia e sen intencionalidade, nos locais, material ou documentación do centro ou nos bens de calquera persoa da comunidade.
- Actuacións levemente perxudiciais á saúde ou á integridade física doutras persoas.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- Faltas de asistencia á clase inxustificadas.
- A reiteración de faltas de puntualidade.
- uso do teléfono móbil e outro dispositivo de grabación, segundo se indica no apartado 4.1.8. do NOF.
- Impedir o normal funcionamento das clases con interrupcións constantes, negándose a facer o traballo correspondente, molestando aos compañeiros...

Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia

- Amonestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan a mellora e desenvolvemento do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. Permitiráselle facer exames datados eses días.

Responsables da aplicación das medidas correctoras

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso da medidas previstas na alíneas 5.7.1, 5.7.3, 5.7.4, 5.7.5 e 5.7.6 do NOF.
- A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso da medidas previstas nasa líneas 5.7.7 e 5.7.8 deste NOF.
- A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

6.2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro.

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación.

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxuriase as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contras o demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A grabación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.

- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalación e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.
- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entegrar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requerido para iso polo profesorado.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docente poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. Permitiráselle facer exames datados eses días.
- Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero,

orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas na alínea 5.10.5.

Procedementos de corrección

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

O **procedemento conciliado** pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a rapidez da corrección educativa. Os requisitos para poder aplicalo, así como, as normas do desenvolvemento do mesmo, están regulados nos artigos 49,50 e 51 do Decreto 8/2015.

O **procedemento común** utilízase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por él, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado. O seu desenvolvemento, así como, as resolucións, reclamacións e execucións das medidas correctoras veñen reguladas polos artigos 52, 53 e 54 do Decreto 8/2015.

Utilízase un ou outro procedemento dependendo das características concretas de conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza, da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Corresponderalle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

A dirección do centro informará ao profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

Determinación do procedemento de corrección

A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, que estará realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.

Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrucción, a dirección, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo o una suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

A dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, propiciando a corrección destas condutas mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

O director/a do centro, independentemente do tipo de procedemento elixido, nomeará un instrutor para realizar o procedemento corrector, de entre o profesorado do centro. As súas funcións veñen determinadas pola artigo 48.5 do Decreto 8/2015.

Correccións

A efectos da gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración os seguintes criterios:

- O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- A natureza dos prexuízos causados.
- carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Prexudicación de condutas e de correccións

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA: NORMAS ESPECÍFICAS PARA O SEU FUNCIONAMENTO.

A comisión de convivencia, na súa **composición**, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polo director/a, dous representantes do profesorado, un representante do alumnado e un representante de país/nais. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará actas das reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Normas específicas de funcionamento

Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na lexislación educativa, no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

A lo menos realizaranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes **funcións**:

- ✓ Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- ✓ Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- ✓ Impulsar acción dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- ✓ Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este ,cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- ✓ Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro, persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- ✓ Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- ✓ Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- ✓ Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- ✓ Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencia na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello ou doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA DO CENTRO.

A nivel do centro considérase que todos os organismos de coordinación docente teñen un papel colaborador para a mellora da convivencia.

Moitas das actividades aquí exportas son realizadas polos **departamentos didácticos**, que se coordinan na **Comisión de Coordinación Pedagóxica**, onde periódicamente se analiza o clima de convivencia das distintas aulas e etapas educativas do centro.

Dende a **xefatura de estudos** e o **departamento de orientación** se leva a cabo o plan de acción tutorial e un seguimento da convivencia das distintas aulas cos **profesores tutores** por niveis educativos.

As **familias** teñen unha gran presenza no centro, acudindo ás sesións de acollida e reunións por grupo-aula de forma maioritaria, solicitando frecuentemente reunións cos profesores-tutores, profesorado en xeral, departamento de orientación e equipo directivo, e participando naas numerosas reunións informativas motivadas pola organización de viaxes, intercambios...

A súa presenza é numerosa nas sesións de apertura de curso, festivais e premios e nos actos de fin de curso.

A ANPA do centro colabora activamente co Centro.

Con **outros centros educativos e organismos do contorno** realízase unha coordinación presencial ou telefónicamente sempre que se considere necesario en especial cos Servizos Sociais do Concello, Universidade, Centro de Saúde, Garda Civil, Policía Nacional, Consellerías, CEIP.... Así mesmo solicítanse intervencións e coordinámonos con organismos de ámbito provincial como o Equipo de Orientación Específico de Lugo.

9. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Para levar a cabo este plan precísase da participación activa do alumnado, a colaboración das familias e da complicitade e traballo do equipo de profesores. Unha vez aprobado polo Claustro e o Consello Escolar, difundirase a todos os membros da comunidade escolar utilizando todos os medios dispoñibles. Publicarase na páxina web do centro e adicaranse sesións de tutoría específicas para que os alumnos e alumnas o coñezan.

10.SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O equipo directivo do centro garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa.

O seguimento do plan correrá a cargo da Comisión de Convivencia. A avaliación realizarase de maneira contínua, mediante a observación,

intercambio de opinións e cuantificación de indicadores entre os diferentes sectores da comunidade educativa, ao longo do ano.

A comisión de convivencia elaborará, ao final de cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, a proposta da comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro e nela incluírase:

1. O grao de implicación dos diferentes sectores da comunidade educativa.
2. O grao de desenvolvemento das actividades propostas.
3. As incidencias no centro e as medidas adoptadas.
4. Os casos de acoso escolar detectados
5. As propostas de mellora

Este plan de convivencia foi aprobado polo consello escolar no inicio do curso 2019-20.